



aula

F LORENTINO
CUEVILLAS

1886-1958

GL 1968
LETRAS
ALEGAS

a súa vida

Florentino Cuevillas é o sistematizador científico da prehistoria galega.

Concluído o bacharelato trasládase a Santiago para iniciar a carreira de Farmacia, e que case non exercería.

Naquel ambiente socio-cultural tiñan un papel relevante Sanjurjo, animador intelectual de Risco, Pedrayo e Cuevillas, e Xulio Alonso-Cuevillas, tío de Florentino, modelo de senlleira cultural para o sobriño. En 1917 fundan a revista neosófica La Centuria.

Con Risco e Pedrayo, Cuevillas ingresou nas Irmandades da Fala, participou na creación da revista Nós, no Seminario de Estudos Galegos e incidiu desde un segundo plano na política galega de guerra.

Nos seus estudos percibiu a unidade cultural entre Galicia e o norte de Portugal e a influencia de pobos procedentes do esteiro do Texo (Portugal), da Meseta central, e

doutros fisterres atlánticos, pero fronte ás interpretacións románticas que esaxeraban o elemento céltico, Cuevillas descubriu elementos autóctonos anteriores ás culturas precastrexa e castrexa.

En 1922 publica os seus primeiros traballos de arqueoloxía en Nós, onde publicara, no nº 1, o artigo **Dos nosos tempos**, que xunto ao de Risco, *Nós os inadaptados* (1933), e á novela de Pedrayo *Arredor de si* (1930), son o manifesto xeracional do cenáculo ourensán.

En 1941 ingresa na Real Academia Galega e en 1944 no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento ao mesmo tempo que prepara o seu tomo sobre "**Prehistoria**".

Antes e despois da guerra civil, Cuevillas cultivou o ensaio e artigos de crítica, todos cun estilo sinxelo e requintado, tendentes a recuperar a autenticidade do país, ciscados por publicacións periódicas.



A EDADE DO FERRO NA GALIZA». / GALICIA SEMPRE. / OS OESTRIMNIOS, OS SAEFES E A OFIOLATRÍA EN GALIZA. / LA CIVILIZACIÓN CÉLTICA EN GALICIA» (1953). / COMO NACEU A CIDADE DE OURENSE. / RELACIÓNS PREHISTÓRICAS ENTRE GALICIA E AS ILLAS BRITÁNICAS. / «AS RAÍCES FONDAS DE GALICIA. / O TRASNO NA VILA. / O POEMA DA SECA. / PROSAS GALEGAS. / «DOS NOSOS TEMPOS». / ...

